13outubro26

Confederación Intersindical Galega
ENSINO

informa CXT

www.cig-ensino.gal

Información do Concurso Xeral de Traslados

Prazos e datas.

Publicación o 4 de novembro

Participación: do 5 ao 26 de novembro, ambos incluídos.

Datas para as resolucións, a provisional a mediados de marzo e a definitiva sobre o 20 de maio.

A ter en conta.

- O CXT 2026/27 é de ámbito estatal.
- **Obriga de participar:** todo o profesorado sen destino definitivo (funcionariado en prácticas e en expectativa de destino) así como aquel con destino definitivo que teña previsto solicitar para o curso seguinte comisión de servizos por conciliación ou saúde. A administración quedou de revisar este último requisito para a seguinte mesa, antes da apertura do prazo do CXT.
- O **sistema de petición de vacantes é diferente ao CADP.** No CXT non se pode, na mesma petición, solicitar no mesmo centro praza ordinaria e con itinerancia ou perfil bilingüe, sendo obrigatorio facer unha petición por cada perfil diferente da praza.
- Ao ser concurso estatal só se poden facer **300 peticións**.
- Só se pode participar por medios electrónicos e con rexistro único en *sede.xunta.gal*
- As únicas excepcións serán documentos en formatos non admitidos na sede electrónica ou que excedan dos tamaños máximos permitidos
- Haberá dous procedementos electrónicos específicos:
  - ED012A para participar no CXT
  - ED011A (baremo) só no caso de que se queira actualizar ou modificar o expediente (alegar ou presentar de novo a documentación para o baremo)
- Para as publicacións (libros ou revistas) **non** se teñen que achegar orixinais, **só copia da portada e da contraportada** xunto co certificado correspondente.
- Poderán ofertarse vacantes nos CIFP para especialidades do corpo de PES para impartir módulos da FP Básica, Inglés Profesional ou Habilidades Comunicativas en Lingua Estranxeira. Poderán adxudicarse de oficio.

Outras convocatorias

- **Equipos de Orientación Específicos (EOE):** solicitamos información sobre as vacantes existentes e o futuro dos equipos.
- **Concurso de Orientación nos CEIP:** solicitamos a súa convocatoria e a administración dinos que virá a mesa a finais de mes.
- **Concurso de Educación e Promoción de Adultos:** lembrámoslle á Consellaría que o ano pasado nos garantiu que este curso si habería concurso, e que xa daquela había 2 prazas vacantes de primaria e 14 de secundaria. Esiximos que se cumpra o compromiso, a administración confirma que tamén virá a mesa a finais de mes.
- A Consellaría por fin fai caso da nosa petición de modificar a **orde dos centros de especial dificultade**, incluíndo as aulas hospitalarias, para que entre neste CXT.

Vacantes e prazos

Cadros de persoal. Reclamamos transparencia na publicación das prazas estruturais e das vacantes. As vacantes deben coñecerse antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, e para iso é imprescindible ter identificadas previamente as prazas estruturais e as non estruturais.
Comprométense a enviarnos o listado de vacantes estruturais.

Por iso, a CIG-Ensino volve demandar, como vén facendo nos últimos anos, que se traia á mesa sectorial a relación dos cadros de persoal dos centros; que se revise para determinar que prazas teñen carácter estrutural; e que, posteriormente, se determine nas xuntas de persoal que prazas deben cubrirse no CXT, como vacantes ou como resultas.

Catálogo dos centros. Este curso comezou con protestas en varios centros nos que non se cubriron as prazas que teñen asignadas por catálogo, como a EEI Vila Laura de Vigo ou o CEIP Mestre Pastor Barral de Melide.

Reclamamos que se cubran todas as prazas catalogadas nos centros de educación infantil e primaria, e que neste concurso se incorporen xa as prazas correspondentes ás aulas habilitadas que levan moito tempo funcionando baixo esta figura. Para iso, solicitamos información actualizada sobre as aulas habilitadas existentes na actualidade e o tempo que leva cada unha nesta situación.

Criterios para determinar as prazas. Garantir a máxima mobilidade é tamén dar estabilidade aos centros: cantas máis prazas se oferten no concurso xeral de traslados, máis profesorado obtén destino definitivo e máis estables son os cadros de persoal.

En 2018 a CIG-Ensino conseguiu desbloquear centos de prazas vacantes que non se ofertaban no CXT. Porén, ese avance viuse freado ao deixarse de novo a decisión en mans das xefaturas territoriais, que non cumpren os criterios recollidos daquela en acta para determinar se unha praza debe saír a concurso.

Reclamamos un sistema transparente e con máximo control, no que se oferten todas as vacantes. Para iso cómpre fixar novos criterios que teñan en conta non só o máximo de 18 sesións lectivas, senón tamén as horas asignadas a coordinacións, titorías, xefaturas de departamento e demais funcións. Estas asignacións son imprescindibles para determinar o número mínimo de profesorado que precisa cada centro e a súa distribución por especialidades.

Perfil lingüístico galego. Reclamamos que todas as vacantes teñan perfil lingüístico galego, en todas as especialidades e en todos os corpos docentes. Non é comprensible que unha persoa obteña praza nun centro educativo galego sen coñecer a nosa lingua, con independencia do idioma en que imparta a súa materia: o galego é a lingua propia do centro, da comunidade educativa e da vida escolar fóra da aula. Esta esixencia ten especial relevancia nos concursos de ámbito estatal, nos que o coñecemento do galego debe ser obrigatorio para acceder á praza.

O acordo asinado entre PP e PSdG fai esta medida aínda máis necesaria. Ao deixar en mans das direccións e dos claustros de cada centro a decisión sobre que materias se imparten en galego, calquera docente pode ter que impartir a súa materia na nosa lingua. Por iso todo o profesorado debe ter perfil lingüístico galego. O contrario só xerará máis burocracia e fricción nos claustros, e restrinxirá aínda máis a presenza do galego nas aulas.

Itinerancias de PT. Nos IES non hai itinerancias para prazas definitivas no CXT, por iso debe retirarse a referencia aos IES no apartado na base 2ª.

Prazas de AL. Solicitamos que se creen prazas con carácter definitivo de Audición e Linguaxe en centros de secundaria, e polo tanto xa se inclúa na convocatoria e no aplicativo de peticións a posibilidade de facelo.

Prazas de oficio. Demandamos que nos centros de educación especial (CEE) non se adxudiquen de oficio prazas do corpo de mestres de especialidades distintas de Pedagoxía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL). Na actualidade hai prazas de Educación Musical (EM) e de Educación Física (EF) catalogadas en varios CEE.

Seguimos reclamando, ademais, que a adxudicación de oficio se limite á especialidade pola que se opositou.

Solicitamos tamén que non se adxudiquen de oficio as prazas do corpo de profesorado de ensino secundario (PES) destinadas a impartir os módulos de FP Básica, Inglés Profesional ou Habilidades Comunicativas en Lingua Estranxeira.

Prazas nos CRA. Solicitamos que todas as prazas dos CRA (tamén EP e EI) sexan itinerantes a efectos do concurso de traslados.

Centros de nova creación: Solicitamos que se inclúan vacantes do novo CEIP que se está construíndo no Milladoiro (Ames). Vano estudar, pero non se comprometen a nada.

Outras cuestións xerais

Participación no CXT: Solicitamos a retirada da exixencia de ter que estar dous anos de permanencia nun destino definitivo para volver a concursar. Así como eliminar o requisito de participar no CXT para poder acceder ás comisións de saúde por enfermidade dun familiar.

Habilitación en Primaria con carácter voluntario. Esta habilitación faise de oficio por parte da Consellaría. Hai mestras e mestres que non teñen interese nela e que consideran unha desvantaxe que poidan ser obrigadas a impartila ou optar a un destino por ela se son suprimidas. Hai dous anos a Consellaría afirmou que ía reflexionar sobre esta proposta e recoñece que non ten interese en que profesorado de, por exemplo, PT ou AL teñan destino de oficio en Primaria. Alegaba que iso implicaba un cambio na xestión interna da Consellaría.

Dereito de Concorrencia: Solicitamos que o dereito de concorrencia sexa aplicable a persoal funcionario de distintos corpos.

Comisión de avaliación. Demandamos que o ámbito xeográfico da comisión de avaliación se estenda fóra da cidade de Compostela, como mínimo á súa área de influencia.

Non debe haber nomeamento a dedo e todos deben ser a sorteo.

Solicitamos que os membros das comisións sexan substituídos desde o primeiro día no seu centro de destino.

Prazas con perfil bilingüe. Denunciamos un ano máis que **non existe control sobre elas**, adxudicando prazas nas que mesmo despois se deixa de impartir aulas nese idioma ou que só ten unha parte mínima do horario con perfil bilingüe. A CIG-Ensino é partidaria de que estas prazas, de existiren**, deben estar catalogadas, tendo en conta o profesorado definitivo** de cada centro e, de non habelo, con destinos provisionais.

Especial dificultade. Solicitamos a actualización de centros e postos cualificados de especial dificultade, e que a puntuación neste apartado se teña en conta sempre, se concurse desde unha praza con esta clasificación ou non. A Consellaría por fin fai caso da nosa petición de modificar a **orde dos centros de especial dificultade**, incluíndo as aulas hospitalarias, para que entre neste CXT.

Baremo

· Debe puntuarse a **substitución de cargos directivos e coordinación** de ciclos ou **xefaturas de departamentos**. Solicitamos que nos apartados 4.1, 4.2 e 4.3 compute o tempo no que se exerceron as funcións en substitución da persoa titular.

· **Que puntúen todas as coordinacións.** Para iso entendemos que só sería preciso que se indicase no apartado 4.3 que se puntúan "outras figuras análogas". Neste momento non se puntúan nin se retribúen varias coordinacións. A administración acepta esta petición.

· Recoñecemento a todos os efectos (económicos e de puntuación) da **xefatura de departamentos das segundas linguas estranxeiras** diferentes do francés, única recollida actualmente (portugués, alemán). Tamén de departamentos de ámbitos na FP Básica en CIFP ou de familia profesional en CEE. Tampouco puntúan a responsabilidade de biblioteca ou de comedor.

· **Apartado 1.2. Antigüidade no corpo.** Mantemos a nosa discrepancia con que o profesorado de linguas do corpo de PES que impartiu nas EOI non se lle puntúe debidamente cando tivo que impartir neses centros obrigatoriamente.

· **Responsábeis de centros de menos de 3 unidades.** Que se articule unha solución para que se teña en conta a puntuación que merecen estas persoas responsábeis.

· **Competencia Dixital Docente:** Vai xa case ano e medio da última convocatoria para poder acreditar a CDD polo procedemento de análise e validación de roles e evidencias. Neste período tampouco se habilitou a vía de recoñecemento de títulos oficiais que habilitan para o exercicio da profesión docente. Polo que, neste momento hai profesorado que non tivo desde hai máis dun ano a oportunidade administrativa de acreditar ou actualizar os niveis por un proceso de análise e validación das evidencias ou polo procedemento de recoñecemento de títulos oficiais que habiliten para a profesión docente antes do concurso de traslados. E, nada sabemos do recoñecemento de oficio dos roles. Para garantir a igualdade, solicitamos que se abra con carácter extraordinario un procedemento de acreditación e actualización das CDD e que se admitan no CXT aínda que se resolvan despois de que se peche o prazo.

· **Títulos EOI.** Queda especificamente excluído que se poida puntuar no apartado 5.5. as titulacións de

EOI. Solicitamos que a lo menos cando se presenten dous títulos dun mesmo idioma no apartado 3.3. e 5.5. a persoa que participa poida pedir en que apartado quere q se lle puntúe, aínda que sexa un nivel inferior. A administración non acepta a nosa petición.

- **Diplomas de lingua de signos.** Este ano comezarán puntuar no apartado 3.3 seguindo a puntuación de idiomas de réxime especial.

· **Publicacións:** Solicitamos que se puntúen os recoñecementos de Innovación Educativa por creación de contidos, tal como se lles indicou ás persoas a quen llelos encargou a Administración e como parece indicar o feito de que as certificacións por realizalos inclúan ISBN.

· **Publicacións electrónicas:** Solicitamos que nas publicacións que soamente están en formato electrónico se poida substituír o informe pola identificación a través do código DOI (identificador de obxecto dixital)

· **Puntuación de composicións**. Hai xa varios anos que levamos indicándolle á Consellaría que debe aclarar que facer en casos como os seguintes: Malia que non se recollen no título deste epígrafe a mención expresa a **méritos relacionados coa artes dramáticas e audiovisuais**, seguimos entendendo que teñen cabida nel e mais cando agora que se mencionan espectáculos teatrais ou circenses. Cando se fala de actuacións, de actores e actrices non se debe limitar esa participación a unha sala de teatro ou de ópera. Todo traballo de interpretación, sexa co formato que sexa, debe ser baremado e debe recollerse no anexo cos criterios de valoración. Así, unha actuación como actor ou actriz, como director ou directora, pode selo nun espectáculo teatral, televisivo ou cinematográfico.

· Defendemos que se poida puntuar todo mérito artístico e fixar criterios claros. No caso das publicadas debe esixirse o ISMN como nas publicacións.

· Seguimos sen resposta sobre as publicacións feitas no estranxeiro, porque poden non ter Depósito Legal ou ISBN e non se están puntuando. Non parece axeitado excluílas. Debe esixirse o requisito equivalente en cada país.

· **Participación nos tribunais.** Non se pode puntuar a persoal escollido a dedo pola propia administración, a puntuación debe estar vinculada a formar parte dos tribunais por sorteo, ou por substitución deste persoal.

· **Novo apartado 6.7. Coñecemento da lingua galega:** hai comunidades con lingua propia que teñen desenvolvido este apartado. Potenciemos a formación de calidade na nosa lingua entre o profesorado e incorporemos ese recoñecemento nos méritos do CXT. A administración comprometeuse a que no próximo concurso estatal isto se puntúe.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal